

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 07 de xuño de 2017.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1742

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil dezasete, aprobou inicialmente o “Proyecto de obras ordinarias para ejecución de rampa peatonal en calle Aviación Española, 2”, promovido pola Comunidade de Propietarios Rúa Aviación Española, 2.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 7 de xuño de 2017.- A Alcaldesa, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal, (Decreto número 16005312), Xosé Daniel Piñeiro Villares

R. 1743

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil dezasete, aprobou inicialmente o “Proyecto técnico de obras ordinarias para mejora de la accesibilidad exterior en edificio de viviendas en calle Lopo Lias, 4-6. Lugo”, promovido pola Comunidade de Propietarios Rúa Lopo Lias.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 7 de xuño de 2017.- A Alcaldesa.- P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (Decreto número 16005312), Xosé Daniel Piñeiro Villares

R. 1744

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

c) Número de expediente: 55/2016

d) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo: obras

b) **Descrición:** a execución do proxecto de urbanización refundido denominado “Obras de subsanación de deficiencias relativas a rasantes e anchos de beirarrúas en Polígono 2 Sector Sur –B Louzaneta Areeiras” elaborado polo Servizo Municipal de Enxeñería

c) Lotes: NON

d) CPV: CPV 45432100- 5 Traballos de pavimentación e revestimento de solos.

e) Acordo marco: NON

f) Medio de publicación do anuncio de licitación: BOP e perfil do contratante

g) Data de publicación do anuncio de licitación: 20/01/2017

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Valor estimado do contrato: 277.723,08 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

277.723,08 euros máis o IVE (21%). Total 336.044,93 euros IVE incluído

6.- Adxudicación do contrato

a) Data: 24 de maio de 2017

b) Contratista: ASOGAL CONSTRUCCIONES SL

NIF.: B-27.201.367

d) **Importe da adxudicación:** 183.500 euros sen IVE, máis 38.535 euros do 21% de IVE, o que resulta un importe total de 222.035 euros IVE incluído

7.- Formalización do contrato

a) Data de adxudicación: 24/5/2017

b) Data de formalización: 9/6/2017

b) Contratista: ASOGAL CONSTRUCCIONES SL

NIF.: B-27.201.367

d) **Importe da adxudicación:** 183.500 euros sen IVE, máis 38.535 euros do 21% de IVE, o que resulta un importe total de 222.035 euros IVE incluído

e) **Vantaxes/Melloras oferta adxudicataria:** oferta máis vantaxosa.

Lugo, 9 de xuño de 2017.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto

R. 1745

O PÁRAMO

Anuncio

En cumprimento do artigo 169, por remisión do art. 179.4, do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 24 de abril de 2017, sobre a aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 2/2017, consistente na transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto con modificación do anexo de investimentos, polo que se fai público o orzamento resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

Cap. I:	Gastos de Persoal	587.757,84
Cap. II:	Gastos en Bens Correntes e Servizos	300.750,00